

INFORME-RESUMO DO PRIMEIRO FORO MUNDIAL DE AXENCIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL: NOVAS MIRADAS PARA TEMPOS DE CAMBIO.

SEVILLA OUTUBRO DE 2011 www.foromundialadel.org

A comisión de Afiprodel asistiu a este foro onde participaron máis de 47 países de catro continentes e un total de 1.300 profesionais e representantes políticos e técnicos. Tres socias desembarcaron en Sevilla onde se encontraron co director da UPD Coordina Local e unha técnica da universidade de Santiago de Compostela compoñendo así un pequeno pero activo grupo galego.

Os días 5, 6 e 7 de outubro desenvolvéronse os paneis e obradoiros

deste Foro tratándose diversidade de temas relacionados co desenvolvemento humano e dos territorios. En cada mesa de exposición participaron representantes de diferentes proxectos, comunidades e países: Andalucía, País Vasco, Cataluña, Albania, Marrocos, Italia, Haití, Senegal, Salvador, Líbano, Gabón, Kosovo, Colombia, Sri Lanka, Polonia, Uruguai, Brasil, Panamá. Indonesia, Ecuador, Cuba, Arxentina...



A diversidade de temas tratados e as experiencias nos diferentes territorios foi moi enriquecedora e ademais as intervencións do público coas súas preguntas e opinións lograron dinamizar as intensas horas de duración deste Foro.

Foi, na nosa opinión, **un espazo de exposición e reflexións refrescante e en moitos casos suxestivas** para os e as profesionais que desenvolvemos esta difícil e comprometida profesión.

Conceptos como desenvolvemento humano, gobernanza, igualdade, sostibilidade, descentralización e outros moitos plagaron os discursos dos relatores e participantes. Por suposto aludíuse á crise repetidamente e reflexionouse sobre o **esgotamento do modelo capitalista e a necesidade de construír novos modelos** máis igualitarios, participativos e onde primase o desenvolvemento humano sobre o meramente económico.

Afiprodel estivo activa durante estas xornadas, empregando as redes sociais para facer participe aos socios e socias da entidade e a quen estivera interesado dalgunhas das reflexións e afirmacións dos diferentes relatores e relatoras. Tamén xuntamos lazos con outras asociacións de profesionais do desenvolvemento de España (Feprodel, Aprodel, Asociacións de Valencia, Canarias e Castela) e con diferentes profesionais do desenvolvemento (Oriol Estela, ADEL do concello de Morón na Arxentina e Cataluña entre outros). Algúns proxectos de colaboración e intercambio forxáronse nestes encontros.



RESUMO E REFLEXIÓN.

Neste Foro desenvóléronse 5 paneis e oito obradoiros

PANEIS:

- Crise, desenvolvemento local e Territorio.
- Desenvolvemento local e economía :o papel da cooperación internacional
- Estratexias de desenvolvemento local: a visión territorial
- Comercio, cooperación e desenvolvemento económico: miradas dende o diverso
- Experiencias de Axencias de desenvolvemento económico local no marco de ART



OBRADOIROS:

- Políticas de emprego e desenvolvemento local
- Desenvolvemento local, descentralización , gobernabilidade o rol da cooperación internacional.
- Economía social , democrática e solidaria
- Gobernanza, inclusión, cohesión e equidade
- Innovación tecnolóxica e social
- Políticas públicas para o desenvolvemento territorial



- Economía verde: desenvolvemento e sostibilidade
- Experiencias de ADL.

Moitas foron as conclusións e as reflexións deste evento, das que imos salientar algunhas das que nos pareceron máis relacionadas coa nosa realidade e servizos:

- Necesidade de **valorizar o potencial estratéxico dos territorios** incorporando ás comunidades nos procesos de desenvolvemento.
- Convencemento da **necesidade de “compartir” e non “competir”**, é dicir, xerar alianzas, redes, que fortalezan o papel dos territorios fronte ao retos nacionais e globais.



- As ADL, ten demostrado ser unha referencia que, ao través do fomento do dialogo público-privado e a concertación ten propiciado avances efectivos no desenvolvemento das potencialidades económicas dos territorios, a formación e consolidación de redes de aprendizaxe e innovacións locais, así como o fomento de novos investimentos a nivel local, como mecanismos para incidir favorablemente na xeración de riqueza, a creación de emprego e a calidade de vida da poboación. A súa fortaleza radica na diversidade e en non ser un “modelo único” de axencia. Máis ben unha ferramenta ao servizo do territorio, ao servizo deses actores públicos e privados que participan nos procesos de planificación estratéxica e de gobernanza

- O foro fai **un chamamento aos estados e gobernos a traballar xuntos para incorporar políticas e programas que promovan o desenvolvemento local e instrumentos como as ADEL** dende unha perspectiva que implique: unha visión de desenvolvemento endógeno, pactos territoriais coa participación de diferentes actores, articule competencias e capacidades entre os niveis de goberno no territorio, prevea mecanismos de inclusión para actores tradicionalmente excluídos, fortaleza a institución local e promova gobernanza democrática, promova dinámicas económicas xeradoras de emprego e empresas con responsabilidade social e ambiental e que impulse unha cultura territorial emprendedora dende a complementariedade e non a competitividade.

As reflexións que salientamos das expostas no Foro son:

- O Foro apostou por **un desenvolvemento humano, en igualdade e sostible que supere o concepto economicista e fortaleza a gobernanza participativa dos territorios.**
- Foi, en especial as experiencias noutros países, un **escaparate da cooperación internacional do programa ART do PNUD**. Esta iniciativa global de articulación territorial e temáticas de cooperación para o desenvolvemento humano, basease fundamentalmente en promover a descentralización nos países onde se desenvolve. Provocando nalgúns asistentes reflexións sobre

estes modelo de descentralización e gobernanza participativa e a súa idoneidade como marco de traballo en tódolos países.

- **Algunhas frases dos e das relatoras e participantes que máis suxestivas para a reflexión nos pareceron son:**



CAROL WHRIGH

- ✓ *Hay que reemplazar el neoliberalismo*
- ✓ *Se ha de entender lo local como inclusión de la población, de la limpieza, como sistema de empoderamiento, democracia y gobernanza*

DOUGLAS GARDNER

- ✓ *Tenemos necesidad de crear un marco social para el desarrollo que cree entornos de capacitación, reduzca obstáculos y cree espacios participativos.*
- ✓ *Se necesita un nuevo planteamiento sobre el crecimiento. Se necesita una visión local.*
- ✓ *Es esencial para el desarrollo local un enfoque territorial de cooperación y descentralización.*

MAMAOU DIOR HABLANDO DE LA EXPERIENCIA EN SENEGAL

- ✓ *Las localidades son impacientes por sus múltiples necesidades. Es necesario definir un marco de gobernanza adecuado y la escala pertinente (municipio, mancomunidad...)*
- ✓ *Hay que aprovechar la alta cualificación de la diáspora, profesionales y personas cualificadas que pueden aportar en su propio territorio. ...)*
- ✓ *El sector privado es algo cobarde, la administración debe incentivarlo.*



APORTACIONES DEL PUBLICO ASISTENTE

- ✓ *Hay confusión entre lo local y la política local. Se hace municipalismo creyendo que se hace desarrollo local.*
- ✓ *El problema es el concepto civilizatorio. Hay que crear una nueva concepción desde el aprendizaje de los postulados de la física cuántica. Se necesita y demanda un cambio conceptual y epistemológico para el trabajo humano.*

ENRIQUE OLMO

- ✓ *La globalización ha revalorizado lo local*
- ✓ *La cooperación internacional no se está utilizando como elemento frente a la crisis y es un elemento contracíclico de la crisis internacional.*
- ✓ *De las transacciones financieras mundiales solo el 3% tiene que ver con los bienes y servicios. Por tanto la economía real no está al mando.*
- ✓ *Los agentes locales pueden y deben ser agentes de la gobernanza del mundo*

OSMANI BESNIK

- ✓ *Los proyectos deben estar agrupados por estrategias. Sin ellas los proyectos no funcionan*

GUSTAVO ADOLFO BEDÓN

- ✓ *Un cambio de paradigma que se denomina “el buen vivir” y a una comunidad y medio: bien ser y bienestar. Entre sus elementos están: el reconocimiento de la diversidad en la unidad, igualdad, integración, cohesión, estado garantista de derechos, democratización del estado, participación, sostenibilidad, respeto y protección del medio...*



RODOLFO GAMES

- ✓ *El activo social pasó de ser un activo a un objetivo*
- ✓ *Hay que hablar de Procesos de desarrollo y no de planes, ya que son más dinámicos y cambiantes.*
- ✓ *“Las oportunidades perdidas siempre las encuentran otros”*
- ✓ *Los recursos potenciales si son potenciales aún no son recursos*

AUGUSTO URIARTE

- ✓ *Replanteamos el desarrollo local. Tenemos un comité de conceptualización sobre lo que es y debe ser el desarrollo local. (Exposición sobre la asociación Garapen del País Vasco)*